# Competencia Dixital

| Competencia Dixital | Nivel Avanzado (9-10) 4 | Medio (7-8) 3 | Elemental (5-6) 2 | Rezagado (0-4) 1 |
|---|---|---|---|---|
| **Busca e selección de información na Rede** 16.7% | Localiza e selecciona diversas fontes dixitais para a obtención de información, avaliando a súa validez ou adecuación respecto aos intereses da temática, traballo, tarefa, etc. • A información extraída da Rede é correcta e está claramente relacionada co tema proposto. | Localiza e selecciona fontes dixitais pouco diversas, avaliando a súa validez ou adecuación. • A información extraída da Rede contén algúns erros pero está claramente relacionada co tema proposto. | Localiza e selecciona diversas fontes dixitais, pero non avalía a súa validez ou adecuación. • A información extraída da Rede contén moitos erros e/ou non está totalmente relacionada co tema. | Localiza diversas fontes dixitais, pero non aplica criterios adecuados de selección, nin avalía a validez ou adecuación das fontes. • A información extraída da Rede é incorrecta e/ou afástase do tema proposto. |
| **Uso e tratamento da información de xeito crítico ou sistemático** 16.7% | Planifica e aplica estratexias de filtrado, clasificación ou almacenamento da información que guíen a investigación na Rede. • Extrae resultados a partir da información seleccionada na Rede. | Planifica e aplica, de xeito ocasional, estratexias de filtrado, clasificación ou almacenamento da información que guíen a investigación na Rede. • Extrae resultados a partir da información seleccionada na Rede, con algún erro. | Entende a importancia de filtrar, clasificar ou almacenar a información, pero non sabe como facelo ou que ferramentas usar. • Extrae algún resultado puntual a partir da información seleccionada na Rede, e/ou con moitos erros. | Non entende o valor de filtrar, clasificar ou almacenar a información, e non sabe como facelo. • Extrae información literal da Rede e non aporta resultados ou conclusións propias sobre a mesma. |
| **Uso de recursos e/ou ferramentas dixitais para a comunicación e/ou resolución de problemas** 16.7% | Emprega con éxito os recursos dixitais suxeridos para localizar ou seleccionar información. • Emprega con éxito as ferramentas dixitais suxeridas (aplicacións, programas...) para o tratamento dos contidos (presentar, clasificar, esquematizar...) • Avalía e selecciona ferramentas dixitais para realizar tarefas específicas, baseadas na súa pertinencia. • Usa recursos ou ferramentas dixitais para a resolución de problemas (sobre os contidos, desenvolvemento de proxectos, etc.). • Comunica con éxito os resultados dun traballo utilizando as TIC. | Emprega con algúns erros os recursos dixitais suxeridos para localizar ou seleccionar información. • Emprega con algúns erros as ferramentas dixitais suxeridas (aplicacións, programas...) para o tratamento dos contidos. • Selecciona ferramentas dixitais para realizar tarefas específicas, pero non sempre avalía a súa pertinencia. • Usa, con algúns erros, recursos ou ferramentas dixitais para a resolución de problemas. • Comunica con algúns erro os resultados dun traballo utilizando as TIC. | Emprega con moitos erros os recursos dixitais suxeridos para localizar ou seleccionar información. • Emprega con moitos erros as ferramentas dixitais suxeridas (aplicacións, programas...) para o tratamento dos contidos. • Selecciona ferramentas dixitais para realizar tarefas específicas, pero non avalía a súa pertinencia. • Usa, con moitos erros, recursos ou ferramentas dixitais para a resolución de problemas. • Comunica con moitos erros os resultados dun traballo utilizando as TIC. | Amosa moitas dificultades no uso dos recursos dixitais suxeridos para localizar ou seleccionar info. • Amosa moitas dificultades no uso de ferramentas dixitais suxeridas para o tratamento dos contidos. • Non selecciona ferramentas dixitais para realizar tarefas específicas, baseadas na súa pertinencia. • Non usa recursos ou ferramentas dixitais para a resolución de problemas. • Amosa moitas dificultades para comunicar os resultados dun traballo utilizando as TIC; ou faino de xeito moi incorrecto. |
| **Uso de recursos e/ou ferramentas dixitais para a creación de contidos** 16.7% | Emprega habitualmente distintas ferramentas para a creación de contidos dixitais de calidade, seleccionando a mellor en cada caso. • Xera novas ideas ou desenvolve produtos / procesos innovadores utilizando as TIC. • Amosa moita orixinalidade na creación e edición de contidos a través de recursos ou ferramentas dixitais, como medio de expresión persoal ou grupal | Coñece distintas ferramentas para crear contidos dixitais, e úsaas ocasionalmente. • Xera algunha idea ou desenvolve produtos con algunha novidade puntual utilizando as TIC. • Amosa bastante orixinalidade na creación e edición de contidos a través de recursos ou ferramentas dixitais | Coñece algunha ferramenta para crear contidos dixitais, pero non sabe usalas, nin coñece as canles máis axeitadas segundo o tipo de recurso. • Xera ideas ou produtos moi pouco innovadores utilizando as TIC. • Amosa pouca orixinalidade na creación e edición de contidos a través de recursos ou ferramentas dixitais | Non cre que xerar contidos dixitais sexa necesario para desenvolver a súa actividade académica ou profesional, e amosa descoñecemento no seu uso. • Non desenvolve produtos / procesos innovadores utilizando as TIC. • Non amosa orixinalidade na creación e edición de contidos dixitais. |
| **Comprensión dos códigos comunicativos propios dos contextos dixitais** 16.7% | Entende como se produce o significado e a cultura na Rede e amosa unha gran capacidade para entender a lingüaxe específica dos recursos multimedia (textual, numérica, icónica, visual, gráfica e sonora), así como os conceptos, sistemas e funcionamento das TIC. | É capaz de ler e interpretar a maior parte dos contidos multimedia aínda que amosa algunha dificultade para entender algúns dos códigos de significado propios da Rede. | Entende que a información e a comunicación na Rede ten os seus propios códigos pero amosa moitas dificultades para interpretalos. | Cre que a información dixital segue os mesmos códigos de significado que a non dixital, e non sabe interpretalos. |
| **Cidadanía dixital: participación en comunidades virtuais ou comunicación en Rede** 16.7% | Coñece e utiliza medios e contornas dixitais para comunicarse e/ou traballar de forma colaborativa, para apoiar a aprendizaxe individual ou colectiva (clasroom, aula virtual, blogs, mail...) • Coñece os dereitos/fortalezas e os riscos/ debilidades existentes no mundo dixital e ten unha actitude crítica e responsable cara ás TIC. • Practica o uso seguro, legal e responsable das TIC. • Respecta sempre os principios éticos no uso da información extraída da Rede. | Coñece varias comunidades virtuais e participa nelas só ocasionalmente. • Coñece os dereitos/fortalezas e os riscos/ debilidades existentes no mundo dixital e ten unha actitude crítica nalgúns aspectos cara ás TIC. • Practica o uso seguro, legal e responsable das TIC, con erros puntuais. • Respecta, case sempre, os principios éticos no uso da información extraída da Rede.t | Coñece varias comunidades virtuais pero non sabe como participar nelas ou que ferramentas usar. • Coñece algúns dos dereitos/fortalezas e dos riscos/debilidades existentes no mundo dixital e ten unha actitude pouco crítica cara ás TIC. • Practica o uso pouco seguro das TIC, aínda que legal e responsable a maior parte das veces. TIC. • Respecta, algunha vez, os principios éticos no uso da información extraída da Rede. | Non participa en ningún tipo de comunidade virtual nin cre que sexa algo útil. • Non coñece os dereitos/fortalezas e os riscos/debilidades existentes no mundo dixital e ten unha actitude acrítica e/ou irresponsable cara ás TIC. • Non respecta os principios éticos no uso da información extraída da Rede. |